



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE DECEMBRO DE 2014

#### LICENZAS

##### FAVORABLES

###### **LIC/1141/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA NOVA DE ARRIBA Nº 23.**

Conceder licenza para executar as obras de instalación dunha plataforma vertical elevadora no edificio de vivendas sito en rúa Nova de Arriba nº 23.

###### **LAP/148/2013 E LIC/1669/2013.- ZYGOS CENTRO GALLEGOS DE REPRODUCCIÓN SLU.**

Conceder licenza para executar as obras de acondicionamento dun local para dedicar á actividade de consultorio médico-centro de reprodúcción sito en Avda. de Barcelona nº 23, plantas baixa e primeira.

##### PARCELACIONES.

###### **LIC/814/2014.- MARÍA BEGOÑA CAAMAÑO CASTIÑEIRA.**- Conceder a licenza de parcelación solicitada dunha parcela denominada Granxón, Coto da Ponte o Campo do Santo, Corpo Santo e Coto da Ponte, sita na Granxa de San Lourenzo, parroquia de San Lázaro.

##### DEVOLUCIONES DE FIANZA.

###### **LIC/1856/2014.- Francisco Manuel Iglesias Anido.- .... LIC/1081/2009**

###### **LIC/963/2012.- Francisco Manuel Iglesias Anido.- .... LIC/1081/2009**

#### **2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva de axudas a vivendas da Área de Rehabilitación Integral de Casco Histórico.**

Acordouse aprobar definitivamente as axudas para 10 vivendas da área de rehabilitación integral do Casco Histórico, incluídas na décimo terceira fase do Convenio entre o Mº de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago para a ARI de Vista Alegre, con cargo á anualidade 2014. O importe conxunto das axudas acada os 27.527 euros.

#### **3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de "Conexión exterior das redes de servizo e da adecuación das instalacións existentes na área deportiva de Conxo".**

Por parte da Xunta de Goberno aprobouse o “proxecto de conexión exterior das redes de servizo e da adecuación das instalacións existentes na área deportiva de Conxo”, como paso previo para o inicio do trámite de licitación e contratación das obras.

O proxecto ten un orzamento total de 129.850 euros e un prazo de execución previsto de 1,5 meses. As obras orientáñanse a independizar as redes das instalacións exteriores da área deportiva cedida polo SERGAS e axeitar as instalacións interiores á normativa de calidade, seguridade e salubridade.

#### **4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de "Presupuesto de actuacions varias no sector 21-Romaño-Pontepedriña de Arriba, correspondentes ao ano 2014".**

Acordouse aprobar o proxecto para 6 actuacións a desenvolver no chamado sector 21 O Romaño-Pontepedriña de Arriba, cun orzamento conxunto de 105.199 euros, e un prazo de execución de 2 meses. As obras contempladas son as seguintes: saneamento en Ponte Romaño, mellora da pista Catalina, remate da pista do Ameneiral, na Rúa da Fonte de Lermo e Travesa de Lermo vaise proceder á reposición do pavimento con regos asfálticos, e na Pista das Casas da Horta vaise mellorar o vial que parte da estrada xeral en Vista Alegre e chega ata o lugar do Monte.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar obras de instalación dunha plataforma vertical elevadora no edificio de vivendas sito na Rúa Nova de Arriba, nº 23. (LIC/1141/2013).**

Autorízase a instalación dunha plataforma vertical elevadora nun edificio de vivendas na Rúa Nova de Arriba (nº 23), que conta cun orzamento de execución de 30.000 euros.

**6.- Propostas da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas a devolucións de fianzas.**

Autorizouse a devolución de 2 fianzas por un importe conxunto de 10. 093 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorización da recepción das obras de "Mellora de captación de augas pluviais na Rúa Teo".**

Autorízase a recepción das obras de "mellora de captación de augas pluviais na rúa Teo" executadas pola empresa Alcomte Galicia, S.L. durante o actual mes de decembro, por un importe de 57.000 euros.

**8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de acondicionamento dun local para dedicar á actividade de consultorio médico-centro de reproducción na Avda. de Barcelona, nº 23, plantas baixa e primeira. (LIC/1669/2013 e LAP/148/2013).**

Autorizáronse as obras de reforma para o acondicionamento dun local destinado a consultorio médico-centro de reproducción, solicitado pola empresa ZYGOS Centro Gallego de Reproducción, para un local de planta baixa e primeira planta na Avenida de Barcelona (nº 23). As obras, cun orzamento de execución material de 196.333 euros, afectan a unha superficie de 301 m<sup>2</sup> útiles.

**9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de parcelación. (LIC/814/2014).**

Deuselle a autorización a unha parcelación dun predio situado na Granxa de San Lourenzo, parroquia de San Lázaro, cunha superficie de 2.081 m<sup>2</sup>, cunha cualificación na ordenanza urbanística de vivenda unifamiliar extensiva. As dúas parcelas resultantes terán unha superficie de 831 m<sup>2</sup> e de 1.250 m<sup>2</sup>, sobre esta última existe xa unha casa na actualidade.

**10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de convenio entre a Sociedade Gas Galicia Distribución e o Concello de Santiago para a construcción das instalacións de distribución de gas no SUNP-11 do Castiñeiriño.**

Aprobouse o texto dun convenio a subscribir coa empresa Gas Galicia para completar as obras de urbanización que o Concello esta a executar no SUNP 11 do Castiñeiriño, ámbito que se estende entre a propia rúa do Castiñeiriño e a rúa da Estrada. O obxecto do convenio é dotar da infraestrutura de distribución de gas nesa zona.

**12 e 13.- Aprobación da adxudicación de 2 subministros: un dun sistema de cámaras de tráfico móbiles destinado a obter información puntual a tempo real do control de tráfico e outro para os materiais de mellora de seguridade viaria en dúas zonas da cidade.**

**1.- CÁMARAS DE TRÁFICO:**

O subministro foille adxudicado á empresa Telvent, por un importe de 36.490 euros. Trátase de 4 cámaras móbiles que axudarán a completar a información en tempo real para mellorar o tráfico e axudarles aos usuarios nos seus desprazamentos e desvíos necesarios, en especial con motivo das obras do paso inferior de Conxo.

As cámaras está previsto situálas en catro lugares estratégicos da **rotonda de Volta do Castro, rúa Santa Marta, cruce da Avda. da Coruña coa Avda. das Burgas e na rotonda de San Lázaro/SC-20**. Neste puntos está previsto que aumente a demanda de puntos de regulación polos desvíos das obras do paso inferior da SC-20 en Conxo.

**2.- MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NO CONTORNO DO INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO E NA AVENIDA NO CAMIÑO FRANCÉS:**

O subministro e instalación de materiais precisos para a mellora da seguridade vial en dous pasos de peóns: nas proximidades do Instituto Rosalía de Castro e na Avenida do Camiño Francés, foille adxudicado á empresa Telvent por un importe de 60.884 euros.

No caso do Instituto Rosalía de Castro vanse instalar **semáforos centralizados no paso de peóns existente na saída do centro, na prolongación do Campo de San Clemente**. Tal e como se informou, a instalación, que virá a dotar de maior seguridade aos peóns e facilitar a fluidez no tránsito de vehículos, inclúe columnas semafóricas, con elementos LED e con pulsadores para que os peóns poidan solicitar o paso.

No caso da Avenida do Camiño Francés, **instalaranse semáforos nos pasos de peóns no cruce das rúas Fontiñas e París e creárase un novo paso de peóns na propia Avenida,**

regulándoo con semáforos centralizados con pulsadores para os peóns. Nesta mesma Avenida vaise proceder á **prolongación da beirarrúa e da varanda existente na saída do paso subterráneo en dirección a San Lázaro, nuns 18 metros**, para dificultar o paso dos peóns nesa zona e evitar cruzamentos indebidos e perigosos. Tamén se contempla a **colocación doutra varanda na beirarrúa desta Avenida nas proximidades da rúa Victoria Kent**, para tratar de impedir que os peóns circulen por onde non lle corresponde.

**14.- Dación de conta de resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, relativa a conta xustificativa do servizo de comedores escolares.**

A Xunta de Goberno foi informada da conta xustificativa do servizo de comedores escolares para os meses de setembro a novembro, que ascende a 14.813 euros para os comedores dos 9 centros de ensino público non universitario que son obxecto de convenio coa Consellería de Educación. O convenio contempla unha achega autonómica de 126.112 euros para os cursos 2013-2014 e 2014-2015 para que o concello se faga cargo da prestación deste servizo.

**15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, relativa a Reaxuste de anualidades do contrato de para a prestación do servizo municipal de Axuda no Fogar.**

A Xunta de Goberno aprobou realizar un reaxuste nas anualidades contempladas na licitación do contrato do servizo público de Axuda no Fogar, mentres non se resolve a súa contratación, por mor dos recursos presentados.

O axuste, que non altera o total da cantidade reservada para a futura contratación, elimina a cantidade da anualidade destinada ao ano 2014, reduce a cantidade prevista para 2015 e engade a nova anualidade de 2017 para completar o período previsto no contrato.

Así, o importe total para os tres anos previstos na próxima contratación que é de 1.828.882 euros, queda repartido en tres anualidades do seguinte xeito:

- Ano 2015: 838.238 euros (antes 914.441 €)
- Ano 2015: 914.441 euros (mantense invariable)
- Ano 2016: 76.203 (antes inexistente)

**16.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais (Educación) relativa a corrección de errores do punto nº 18 do acordo da Xunta de Goberno na sesión celebrada o 28 de novembro de 2014. Expte.: Liquidación do programa municipal de conciliación de verán 2014.**

Acordouse a corrección dun erro menor para incluír a dous alumnos na relación de persoas ás que se lle debe realizar a devolución logo da liquidación do programa municipal de Conciliación do verán de 2014.

**17 a 48.- Proposta do Concelleiro delegado de Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 32 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais relativos todos eles ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

**49.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda relativa a reaxuste de anualidades do contrato de servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago (CON/46/2014).**

Acordouse autorizar un reaxuste de anualidades nunha partida orzamentaria para afrontar os gastos dun contrato de servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal, mentres non se resolve o concurso convocado con ese fin.

**50.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Régime Interior e Administración Pública relativa a devolución de fianza definitiva.**

Autorizouse a devolución de 1 fianza por un importe de 10.517 euros, correspondente a un contrato de servizo levado a cabo pola empresa PROYFE, S.L.

**51.- Proposta do concelleiro delegado de Régime Interior e Administración Pública relativa á aprobación do expediente denominado Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela.**

**52.- Proposta do concelleiro delegado de Régime Interior e Administración Pública relativa a aprobación do expediente denominado Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ó Parque Móbil do Concello de Santiago**

Aprobouse a apertura de 2 procedementos de adxudicación para:

- 1.- O “Subministro e implantación dunha solución de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello”, por un importe de 157.264 euros.
- 2.- “Subministro e montaxe de pneumáticos, equilibrados de rodas e aliñacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ao parque móvil do Concello”, por un importe de 14.975 euros.

**53.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito.**

Aprobouse un recoñecemento de créditos para facer fronte a 3 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 90.072 euros.